

Fronla

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 29

ano 5

xullo-agosto 2010

Colección de impresos (I)

UN INCUNABLE ÚNICO: *DECRETALES DE GREGORIO IX*


Entre os documentos procedentes do mosteiro bieito de **San Salvador de Celanova** (935/942-1836) apareceu un fragmento único na Península Ibérica dunha obra do período **incunable** da imprenta, é dicir, dos seus primeiros momentos de existencia. Non se trata por tanto dun documento arquivístico en sentido estrito, senón de material bibliográfico que polas circunstancias da súa historia acabou nun arquivo. É unha folla en vitela das **Decretales de Gregorio IX** editadas en Maguncia no ano **1473** por **Peter Schöffer**, un importante referente entre os primeiros impresores.

O achado deste raro exemplar pertencente ao **patrimonio bibliográfico** responde a unha circunstancia habitual dentro dos arquivos históricos que pode deparar enormes sorpresas. Trátase do feito de que ao longo do tempo foi frecuente a reutilización dos soportes escriturarios en pergamino que xa non tiñan uso, como por exemplo follas de libros litúrxicos e cantoriais, para a **encadernación de documentos** en papel co fin de dotalos de maior consistencia ao seren usados nas cubertas, nas tapas ou como follas de garda.

Este feito propiciou que, por exemplo, en Girona atopasen hai uns anos certos documentos medievais de gran valor informativo para a historia dos xudeus que foran reutilizados para encadernar documentación notarial dos séculos XIV e XV, ou que no AHPOu se achasen fragmentos de códices medievais que forman parte das fontes musicais máis antigas da nosa provincia, que nalgúns casos estaban inéditas; ou que se identificara este valioso fragmento dun libro feito nos albores da imprenta e no epicentro da súa onda expansiva, **Maguncia**.

Este fragmento das **Decretales de Gregorio IX** servía de cuberta ao libro número 183 do mosteiro de San Salvador de Celanova (L 279, na actualidade), no que se recollen diversos preitos e executorias do **priorado de Bande**, dependente daquel en tanto que casa matriz. O descubrimento do fragmento fíxose no AHPOu, no que se custodian os fondos arquivísticos dos mosteiros exclaustrados coa desamortización decimonónica, ao seren transferidos a el dende a Delegación Provincial do Ministerio de Facenda unha vez que

perderon o seu valor administrativo para liquidar o patrimonio das ordes relixiosas e adquiriron valor histórico.



GREGORIO IX. papa

Decretales Gregorii Papae IX, cum glossa / Gregorio IX .- Mainz

[Maguncia]: Peter Schöffer, 1473 .- 1 pergamino; 472 x 333 mm

AHPOu. Colección de impresos, Carp. 1

As Decretales de Gregorio IX

No ano 1230, o senlleiro canonista **Hugolino**, ascendido ao solio pontificio pouco antes como **Gregorio IX**, encomendou ao seu penitenciario **Raimundo de Penyafort**, quen logo sería canonizado, a formación dunha compilación única do dereito da Igrexa católica co fin de normalizar a súa aplicación. En pouco tempo o prelado hispano deu termo a unha encomenda que viu a luz no ano **1234**, ao ser promulgada a **bula Rex pacificus**, que foi remitida ás universidades de Boloña e de París, entre outras.

A colección simplificaba de modo sobresaínte o **corpus xurídico da Igrexa** ao eliminar as redundancias, as contradicións e os elementos inútiles existentes nas normas que ata entón se aplicaban sen suficiente concerto. Raimundo de Penyafort seguiu a división clásica en cinco libros, nos que se recollían 185 títulos divididos en capítulos e, ás veces, subdivididos en parágrafos. Non obstante, o compilador fixo algunhas variacións novidosas e engadiu algúns títulos inexistentes nas coleccións antigas.

O resultado tiña certas imperfeccións por causa da escaseza de tempo aplicado na compilación e á importancia da encomenda. Non obstante, foi acollido con entusiasmo polas escolas de dereito, que axiña comezaron o seu estudo e glosa. A colección gregoriana converteuse no gran **monumento legal do Dereito canónico**; ata o punto de que non só circulou en forma de códice (libro manuscrito), senón que coa aparición da **imprenta** tivo un número extraordinario de edicións.


A edición impresa de Peter Schöffer

A primeira impresión das *Decretales* fíxose en **Maguncia** sen pé de imprenta que permita datala con exactitude. Nesa cidade, **Peter Schöffer** fixo outra edición en **1473** que reproduce una edición do século XIII que circulaba en forma de **códice**, característica habitual na **época incunable da imprenta**, que abrangue, segundo a convención máis xeneralizada, dende a orixe do invento en 1450 ata o ano 1500, momento no que principia a transición da fase artística ao proceso de reprodución mecánica.

A arte da impresión era coñecida con anterioridade a mediados do século XV (p. e. os chinos xa producían libros por impresión litográfica no s.II a. de C.), mais é neste momento cando se introduce unha novidade, o tipo (letra de imprenta) de carácter móbil. **Gutemberg** seguramente inventou a imprenta entre 1436 e 1444, mentres viviu en Estrasburgo, mais se considera que o **Misal de Constanza** aparecido na súa cidade natal, Maguncia, no ano **1450**, é o primeiro libro tipográfico da historia. A obra saíu do prelo grazas ao apoio económico que o rico prateiro e avogado **Johann Fust** deu a Gutemberg ao constituírense en socios. Pero a sociedade rompeuse por un preito en 1455. Fust quedou co taller de Gutemberg e fixo socio seu a

un dos dos empregados deste, Peter Schöffer, quen ao parecer superou en pericia ao seu mestre.

Do **taller de Fust e Schöffer** saíron os primeiros impresos con indicación do lugar e a data da impresión, xunto co nome do impresor recollidos no colofón. Tamén introduciron outras innovacións como a impresión de iniciais ornamentais con tintas vermella e azul, -tal como pode verse na ilustración- e a creación do escudo do impresor como elemento complementario do colofón.



Detalle do fragmento das *Decretales* de Gregorio IX conservado no AHPOU

Dese taller procede a nosa edición das *Decretales*. Fíxose en folio, constando de 305 follas a dúas columnas. Tiráronse 360 exemplares en papel e **40 en pergamino** (vitela), e un destes foi a parar ao mosteiro de Celanova, sendo hoxe o impreso máis antigo conservado en Galicia.

Por esta causa, quedounos un exemplo dos albores da imprenta, ese invento que transformou fundamente o mundo da cultura, amplificando exponencialmente a súa capacidade de multiplicación e comunicación. Fronte ao libro manuscrito, que seguiu circulando, o impreso producía copias en maior número e con maior velocidade. Deuse, así, unha **revolución cultural** que non tería parangón ata a aparición de Internet no século XX.



XUNTA
DE GALICIA

© ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es

Textos: Pablo Sánchez Ferro coa colaboración do persoal do AHPOU
Fotografía: © Xoán Piñón. D.L. OU 67/2006, ISSN 2659-3491